
Un Poema Inédito

BAIXABAN DOS BARCOS OS PESCOS DE CAMELLE

Por unha fenda de terra no medio das montañas
Parte o sol o seu corpo de nácar e de corda .
A cría do galo de mar que aprende na lagoa o seu primeiro baile
O seu vo primeirizo
Entre unha ínsua e un longo areal de chalanas escuras .
Baixaban dos barcos os pescos de Camelle
Cos seus brancos traxes manchados de fuel.
A costa despois do paso da seituradora
Co gume limado da folla de aceiro na rebola
Afiaba de novo na punta da lingua o seu canto de vida .
Nécoras bulingando entre as rocas
Na procura das unllas postizas das nereidas.
O mar can comesto pola rábea
Espeluzado a sotavento de mareas vivas e quebrantos
Foise desprendendo nordés a nordés daquela cotra
Do monstruo partido máis alá do solpor
Onde chuspen os deuses e gomitan os demos
O sangue impuro da matanza das virxes no seu primeiro leito .
O traballo dos homes esgotados meses de loito e de mal sono
Na loita dos colosos co resón dos humanos
Acompañaron ó océano na batalla da morte da fame e da desgracia.
As olladas dos paxaros mortos pola cotra
Nos meus ollos ficaban abrasados de sal
Valado comesto polas xaras
E pretendía flores de centaurea e leiterena .
Non levando conta das cruces sobre a pel lacada das follas
Despegaba das retinas os negros números da quenda
Na procura da cerimonia perfecta a mestría dos vellos mesteres
Esa cicuta esa droga esa blasfemia
O pórtico sur da igrexa de Santiago en Cereixo
Barca de pedra sobre ondas ou nubes
O tímpano da última cea no mosteiro de Moraime.

POEMAS INEDITOS

TITULO.- VISTE O MAR LIGAS DE ESPÍÑO

AUTOR.- ALTAMIRA

SANTUARIO

FROM PARADISE LOST

Of Man's first disobedience, and the fruit
Of that forbidden tree, whose mortal taste
Brought Death into the world, and all our woe,
With loss of Eden, till one greater Man
Restore us,...

John Milton.

FUEL

Pasada a noiteboa
Fitaba o mar cuns pequenos prismáticos desde o Alto da Vela
Agardando a que as tebras as nove da mañá
Descubriran nas feridas ondas os cabelos de ébano de Mesalina
Entrando na lobeira cos seus fermosos peitos
Sostidos nunha rede de tanza e de cortizos
Ebria de satirión.
Agardando a que o día desvelase o seu lixo ou un bambán de sempre
Esa cadencia de pentagramas e resío
O azafrán perfumado ós pes das imaxes dos deuses e das basas .
Auga con neve fundida filtrada e de novo mergullada
Entre a neve
Botaban os caros e prezados escravos de Alexandría
Sobre os homes.
Hoxe Ganímedes con sono
Esparexe a súa cunca de copeiro divino
Sobre os corvos mariños e os tristes galopatos
Comestos polo andazo das mareas.

As nenas atropelan orquídeas e rosadas hortensias
Co asubio das máquinas dos tristes trens das arañeiras dos faiados .
E co ferro das vías fan as rosas
Guindadas no día que as olgas desoladas
Convertiron en follas
Caidas do mar.
Follas que bican esta area estes dedos
Follas secas das almas vendidas aventadas.
Consumidas almas sen sono sen febre e sen dor.
No horizonte mariño as gaivotas con peteiros de sangue de laranxas
Debullan a espiga dun sol adoecido
E partidas veñen en cadencia de grans
Paso de fontecadas ceibes de ligazón.

As cinzas do mar caen na terra
e unha proa embiste líquida de trapos O peito do solpor
Con redes de tramallo.
Un sol de albas
Descansando do lume das laradas.

Baixei polos carreiros que van ata os coídos
Cara a Punta do Corno e a maldición dun escravo sen o tendón das corvas
Semiados de brancos monos voluntarios
De botas militares .
As calas onde o fuel queimou os bolos as carrascas
E a cara lavada eternamente pola espuma
Dos cantos que miran para a tumba de Osiris
O retorno das urcas do sal de Bretaña o viño de Sevilla.

Foron pasando os días e cedendo as follas das súas quendas
Como nas batallas das sagas dos fillos de Odín
Ata o oubeo da raposa da mordaza que trinca tal o olvido.
Días que se enredan con noites de vela e de calma
Mareas vivas e poemas de Safo nos salgueiros.
Centos de paxaros cos seus cristais fendidos
Pola campá dourada que nas tardes de claros
Chama polas almas dos guerreiros que caen
Nunha morte sen a mórtea coroa do poeta
Orquídeas de betume e tulipas de broma
Nun imposible eco sen palabras.

Nas flores pisadas con plumas de lama entre os dedos
Na arcía dos cabalos lisiados
Dos piratas malandros dos avións de lata
Podemos imaxinar soñar de novo
Na nenez cos trens e a neve que nunca nós tivemos na Fisterra
E agochar esa palabra
Fuel
Esa palabra
No veo do padal.
Resío místico resío alquímico resío do meigallo
Caído do tosto maldito onde rompe o crisol
Solpores sen ronsel.
Patria da sombra e da cara escura
Das follas da aciñeira.

Ata os dedos me arden coa tinta delatora

Deste oficio cruento deste sacrificio
Fabricando un poema manchado de salitre .

BAIXABAN DOS BARCOS OS PESCOS DE CAMELLE

Por unha fenda da terra no medio das montañas
Parte o sol o seu corpo de nácar e de corda .
Unha cría de galo do mar aprendía na lagoa o seu primeiro baile
O seu vó primeirizo
Entre unha ínsua e un longo areal de chalanas escuras .
Baixaban dos barcos os pescos de Camelle
Cos seus brancos traxes manchados de fuel.
Buscaban a taberna de Barca
O abrazo da barra onde os gatos fitaban entre o sono o parte do tempo

A costa despois do paso da seituradora
Co gume limado da folla de aceiro na rebola
Afiaba de novo na punta da lingua o seu canto de vida.
Algún barreño verde con peixe preto
Nécoras buligando polas rocas
Na procura das unllas postizas das nereidas.

O mar
Can comesto pola rábea
Espeluzado a sotavento de mareas vivas e quebrantos
Foise desprendendo nordés a nordés daquela cotra
Do monstro partido máis alá do solpor
Onde chuspen os deuses e gomitan os diaños
O primeiro sangue impuro da matanza das virxes no leite que foi berce
No berce que foi árbore caída do verde paraíso.
O traballo dos homes esgotados
Meses de loito e de debezo
Na loita dos colosos co resón dos humanos
Acompañaron ó océano na batalla da morte da fame e da desgracia .

Volvía un neno preguizando do parque entre ferranchos e grava

No barullo dos nenos sempre amigos da bulla e do caos .
Os negros bulbos dos gladiolos de Samarcanda
As tulipas de Delft nas caixas das olivas de Creta
O mar cheiraba a laca con fiuncho e trovisco
No alambique clandestino das cabanas dos pescos.
Grupos de pícaros folgando no acabante da marea das seis horas
Posando ós turistas das cámaras e ó free-lance.
Un Filoctetes calquera afiaba os dentes con frautas de alcacén
E un pequeno Homero facía bigotes coas barbas de millo.

As olladas dos paxaros mortos pola cotra
Nos meus ollos ficaban abrasados de sal
Valado comesto polas xaras
E pretendía flores de centaurea e leiterena.
Non levando conta das cruces sobre a pel lacada das follas
Despegaba das retinas os negros números
Baixo as imaxes das santiñas de almanaque
E buscaba a cerimonia perfecta
A mestría dos vellos mesteres
Esa cicuta esa droga esa blasfemia.

O pórtico sur da igrexa de Santiago en Cereixo
Barca de pedra sobre ondas ou nubes
O tímpano da última cea no mosteiro de Moraime.

TOPONIMIA ESCARLATA SOBRE O LOITO EN VELUDOS

Cada nome é un altar de misterios
Co seu paso de tinta quente sobre o mapa
Na humana cortografía convertida en montañas
Vales outeiros ríos con muíños
Follas caídas dunha árbore vedraña e ritual
Fala perdida entre a borraaxeira
E as cañeiras cara as furnas dos mouros de algún día.

A imaxe dunha labra de milenios
Inscrita a lapis na brétema do grove.
Arquivoltas claves e dovelas
Na moldura de aristas ou de sílabas
Brocel e medias canas.
Os vellos nomes sonidos que nos chegan
Dos lugares de orixe
Abismo da memoria
Entre os dedos e na punta da lingua.
Silabario de infancias con pel de limón e sucre en vasos gordos
O latexo do fume nacendo no medio da lareira
Unha cinza que a brisa aventa
Que penetra amodo nos pulmóns
Porque nin donos somos da primeira das formas
Da conxunción das letras que conforman
O lugar da nacencia púrpura e amarelo
Estames luminosos que atraen as abellas.

A FLOR PÚRPURA DAS MONTAÑA DO ESTE

Un pintor con demencia axitaba a paleta
Sobre as escamas da praia tocada coas puntiñas dos dedos
Por sucesivas capas de cobiza
Douradas prateadas malvas
O ámbar en regos polo medio das unllas
Nos castelos de area e cunchas machacadas
Nas pegadas das gaivotas do raposo e dos homes
Illas secas de brillo no mollado.

Nacía o río nas montañas
Sometido a un acoso de ventos estranxeiros
Baixaba ás chairas verdes de paisal e de vacas.
Nas gabias suxas e nos claros
Entre os bosques de eucalipto
Floreecía a flor púrpura de Bazar
De pescozo estricado e unha estrela de pétalas
Dun resío debullado pola alquimia.

Matos de herba coa miúda sorpresa de cor viva
Tesouro ventureiro onde o Xallas nace
Que eu levaba á desolación do canto
Na tarde de agonías coa marea baixa
Para entregarlle como sinal de afecto pola entrega
Á capitana do branco exército das gafas de plástico
Mascariñas e raspetas.

A flor púrpura preciosa xoia das montañas do este
Estrela da ventura dos ceibes mareantes
Dedos de minio pintados na cova dos ancestros
Cos seus ósos.
Na gloria da Trastámara
Menciña dos pobres avogosa
Das feridas dos que caen na bravura das loitas
Rosa de tímpanos sobre xambras
E cimacios de arcos do medievo.

AÍNDA MEDRAN AS ÁRBORES NO PARAÍSO PERDIDO

O pequeno Xan plantou unha semente na horta
E agromou a maceira
Xa ten un palmo de altura once follas
E loita contra o vento de comezos de abril.

Foise Eva na procura da cova onde a serpe
Deixa o seu pelexo enxoito cansado de camiños.
Pode que atope unha árbore coas súas mazás roxas
Afundidas raigames na maldición da terra
Coas súas voces de fraga linguas bífidas.
Non se sente segura sen un par de froitos
Nas súas mans sometidos
Mordidos cos seus dentes mollados cos seus beizos.
Non hai cobra sen mazás nin barco pirata sen un cofre
Para agocho do pícaro Jim Hawkins .

A neve oculta do caeiro e da moa
Na cor garbosa do froito ó madurar
Nos seus mesmos montes onde facían turba
Que portaban en carros polos catro ventos
Os vellos xalleiros de algún día.
Polo sabor da beleza e o calor do frío
Así morren acosados insectos con fartura e caveas

No movement das fontes dos vatios e o carbunco.

O neno arrebat a lingua de bronce da campá
Escura e verde polo tempo
E vai pisando o inverno adurmiñado
Que Dylan Thomas cantou na súa estancia
Polas rimas.
Abril estrica cos índices de vento as colleitas
O toro dos miúdos froiteiros recién nados.
Empurra a pardela nas illas que protexen
Esta area
Da morte e do arrebat.

O mar esas pegadas nas miñas costas dos seus dedos
No meu peto con fendas de sombra golpes de grafito
Tocados cos meus beizos nun sabor de figueira e caramiñas.

Pasan os coches e os gatos atravesan o asfalto sen mirar
Polos pasos de cebra.
Levan o cal das vellas casas caídas abandonadas baldeiras.
O ceo detido escoita a fala do badal.
Manchando as mans lembro o sabor e o arrecendo
Do viño de amoras polo agosto
Os beizos a praia as cancións das amigas
Vasos altos e rotos con balóns e sorrisos.
Unha música a base de latexos e algazo
A morte que nutre correntes subterráneas
Furan a terra e erguen cara o ceo as coroas de flores
O estoupido da vida intocada polas xemas .
Alá os dormidos ventos de aluminio e salmuira
A forza que eleva ás árbores desde as súas raíces de auga
Onde as vagas permanecen alerta
Asidas ás bordas con ollos sentinelas de talieiro.

Se levamos no sangue
Enriba dos ósos baixo a pel
A forza dos mananciais do ferro e do óxido da memoria dos tritóns
Saen as grellas das montañas
E na chaira xorden
Como ríos de vida que se abrazan ós pinos .

PRIMEIRAS LETRAS DUN MUNDO EN AGONÍAS

O sol canta por fin e axita o seu plumacho de kiko
A súa cresta de broncina e sangue de vellos sacrificios no mar de fóra
O mar chega en farrapos ata a terra
Enlía os dedos dos que aman os ollos dos vencidos amantes
As mans que nunca declinaron a palabra querer co seu silencio
E a follasca de algazo e lique seco tal os sonhos rendidos
Olladas que son planchas de minio
Láminas de metal cristais tronzados .
Un neno que destroza unha baralla
Córtalle a testa á sota o tronco ó rei
Desmembra fermosos e valentes cabaleiros
Sen medo ós deuses masticadores da brea do lentisco
Sacado das árbores de Chío ou das Sisargas .
Vén o mar trasvestido de cortina
Descuartizada onda
Esfiañado amante abandonado
Pola amada.

Debemos nacer de novo
Chorar de novo naquel berce de buxo das bolas de cores e ferreños
Comezar polas letras gordas do catón do silabario
Intentar a orde das sílabas construíndo cancións
Esa cantiga na fala que arde
No rachón do Nadal polo San Xoán.
A mona saída do adro da igrexa de Xaviña ou de Mens
Machaca sobre as vigas da vía
Ou na negra pedra do lar da casa patrucial
Os ósos dun home destemido
A carón da súa sombra.
Golpea a medula e a queixada as covas dos ollos
Convirte en barro e pó de escaiola escaina e leixapren .
E un anaco de folla escrita por unha das súas caras
Levada do terral dalle nos ollos
Que se enchen de letras e de tinta.

Son verbas ó mellor nunca ditas unha borra nos oídos da furia
Son as marcas dunha voz que non falou
Pero loitando no tempo
A coroa dos atardeceres nas mans que abren ese libro
dominaron a noite.

Son palabras que doen e sorprenden
Cando o golpe pretende a súa engra
Busca á pedra a buxarda.

Unha nena para montada en bicicleta
E abre o seu paraugas anunciando a chuvia.

Pingueiras de lastre e de xermolos
As voces dos avós con fume de loureiros
Hoxe vento soán e redentor.
Unha chave que soa batendo nos pozos
Na estrepia nunha lima
A maceta na laxa.
Traen a lembranza dos vellos e intento recordalos.
Os constructores da fala do meu pobo os mestres
Que despois das guerras dos destellos das trampas
Das malas colleitas e dos grandes andazos
Da perda das vastas carballeiras sementes de navíos
Gardaron coas alfaías de latón e broncina

O noso idioma.

FROM PARADISE LOST. AROU , ABRIL DO 2003.

In the beginning how the Heav'ns and Earth
Rose out of chaos;
John Milton.

Na primavera cando os paxaros comezan a voar
E botan nécoras de sombra cara a patria das cobras
Na illa coroada de zucre e de farelo
Só un corvo mariño novo co seu tórax de escaina
Iniciou a danza do primeiro vó.
Silenzo de gamelas e chabolas sen dono
Só entre os anchos cabos negros os pasos nosos
As pegadas que deixamos antes da partida nas unllas das gaivotas

Un niño de anduriña colonias de prixel.
Ríos de alcatrán brancos sueiros camiñan polas penas
Cemento galipote mandalas de gas buligando cores insólitas nas pozas
Enchen o aire e as xesteiras cara os viraventos
Das montañas onte non mancadas con espolas.
Por ningures a miña vista descansa nun agocho .
Andaba na procura dalgún rescoldo de ledicia
Dunha imaxe de beleza e bo recordo
Dun verán con ela pisando este areal que agora piso
Tal o vello Sarmiento que atravesou o meu país por carreiros de area
Ata aprendelo de memoria ata facelo e deixalo por herdanza.
Castiga un sol que empeza a decaer
E se enreda en caligrafías de nubes e nas polas dos pinos .
As ondas debullan versos con declinación.
Medra aínda a maceira saída dun pobre óso
Chuspido en plena terra como un astro
Sen ánimo por azar.
Flores de rubí nas verdes ínsulas de dunas con escarlatina.

Sinto as hélices do sol removendo
A coraxe do océano que maldice a costa.
Son os regos da terra negra e seca de Nemancos
A roda dentada de santa Catalina
Isis morena que pisa a lúa como unha rebanda de melón
Sacada da milleira polo enciño.

O reloxo no pulso o latexo constante
Cabalos do demo bestas de caínza .
Modernas guerras destrozan a croiazos
Os niños que ocultan as arañas.
Chuspe o mar os infernos de alcatrán e de xurro.
Ese Deus alixa as ondas e as barbas de millo
Fillas malditas do seu ventre esfumado .
A luz cara e alba estragada dun caipo
Pola curda refala man do miserable.
A luz que branquea as furnas
Desprendendo carlous secos ourizos cairos
Estrelas de mar con óxido de anafre.
As pingas do orballo con vento mareiro contra a lúa
Difuman as páxinas dun libro de Dylan Thomas
Que eu lía.

Volvía a escampar de novo e a tronada

Espantaba as moscas coa palma da man
Igual cás deusas afastaban as valentes escunas
Coas súas pintadas unllas de dril
Nos pasados anos nos remotos comezos das idades.
Co torno ó lume algúen lle sopra á cinza
A brisa agora esputa os meus cabelos
Esvásticas nas pedras nos esteiros na carne
Demasiada espiral nun mundo plano
O corazón da pomba de Tamara de Lempicka
A nobre ave da chuva ese caín da néboa
Alma dos pobres
No retablo de santa Columba de Van der Weyden.

Días de auga veñen
Camas de pedra ou tumbas
Onde o mar fai que agromen vinchas de herba
Semente que por amor se fará carne
Co suor e co sal da terra mesma
Vencidas algas mortas sen venturas
Ós pes das dunas cansadas reventadas.
Un golpe seco con martelo de leitugas mariñas
Molladas correolas
Pode derrubar a torre amada polos ventos
Cando as nubes pisadas polas égoas do rei
Lamban o sal das nosas bágoas .

Pólvora da luz chegan as ondas
Borradas de agonías e buvelas
Rozan os dedos do mar nos retrincos da costa
Van e veñen as vagas contra o pozo
Onde verquen nas beiras e retornan
Convertidas en cellas en plumas de galo
Velas sen nao follasca seca.
Ou as soas da rapaza que aprende a palillar
Á idade dos bicos e da prata .

CO CANTO GENERAL PISANDO NO TROVISCO

O río prolonga máis alá dos cabos da estrema do mundo
A súa boca de montes
Despeiteado de limos
Na decrúa hostil das presas e rodicios
De muíños fabricando rendas na debisa .

O río anda na procura do sal
Con dentes de mercurio e soldadeira
Pero o vento trouxo un feroz canto de guerras esquecidas
Nunha ollada de barbas de millo e cabelos de anxo
Vén á sirga fitando na mortaza as raposas do sol.

Esquecemos os cantos das laradas
As palabras da cinza que medra nas estrepias
O resón das paredes onde soñaban arredor do lar aquelas donas.
Soñaban e pregaban naqueles días idos
En tempos rían as miserias.
O arrecendo do pan e dos seus homes
As enrugadas mans nunca bicadas
Fican nos sachos cos regos enlamados.
O fervor da medula a pureza do óso do lombelo
O vigor e o custo do espiñazo
As durezas dos pes dentro dos zocos
Na chanca do corazón onde xermolan a cuza e o desexo .
Ese terral esa caíña que cheira de trovisco
Asasino das troitas e reos de marea
E desgracia con maina chuvia de vento o sentido a quentura.

Esquecemos incluso o Canto General que nos legou Neruda
En alegato ós pobres
No perdido páramo dunha terra de fame e de fervenzas
Semiada de cravos e turbinas.

¿POR QUE NON SOÑAN AS RAPAÇAS LOIRAS?

O casco de bronce con dentes de xabarín
E un lobo de ferro

Do guerreiro suevo que fundou a vila
Co seu nome infundindo medo no cabalo.
A ara das letras desgastadas o torques de ouro
O pescozo da ánfora que sacaron as redes dunha ínsua
As fíbulas de bronce de corpo de muller
Dous idolitos dun castro derrubado
A palabra borra e a palabra guerra
A vaixela de bronce dos ingleses perdidos contra os baixos
Acibillados polo ronsel dos raios da casa bermella de ladrillo
Con valados brancos
Que é a casa da morte.

Luz que confunde e cega
A auga contra o ceo
Melusina non soña xa fai tanto que non soña.
Roubáronnos o soño cunha cica de coiro e veludo.
A ilusión de apañar unha manchea de neve
Para armar o boneco con chapeu panamá
Basoira de cana.
O lento tren atravesando un túnel eterno
Con lámpadas de rosacruz
Alfombras de carbón.

Xa non existen as illas das mazás
Nin dragóns nin xigantes gardan faros de barro
Rodeados de toxos e uceiras .
A freixa do Ézaro surtidora de cal
Co paraíso dos celtas nada ten
Según din.
E a rapaza loira que me pediu lume di que mira sen ver.

TORRES DE NÁCAR CIDADES DE REFUXIO

O cemiterio nocturno agocha baixo terra
Os laios dos amigos
Os gozos e as sombras dos que amaron
Agochados da vista dos amados.
As súas penas as clavículas tropezan
Deixan que vermes e caiotas recuperen
Renoven ese ciclo da vida do piso das grandes catedrais
Ata lograren as ás de princesa
Mosca verde caiña do cabalo
Palisandro
Bolboretas que foron larvas de mercurio
E son miúdas estampas de salvaxe seda
Coa beleza dun chisco dunha debía.

As careixas con peso de pluma e chumbo na estiva da alma
Os bicos os sonidos das falanxes dos húmeros
Rozando nas bielas na procura do oco
Carne sonando para un ataque en gres
Derretendo os ollos como súan as cobras.
O amor é un bocado e trincados nos vemos
Nos espellos dunha lonxana estrela .

Nin ámbar nin coral nin son pedras do ceo
Chegan as ondas reenglóns tortos
Escritos polos labios dela
Chegan as ondas tristes.
Os meus pulmóns respiran pentagramas de algazo
Mancheas de sal son os risos da espuma
Fíos de algodón e de barola
Na resina do talco e máis da mica
Liño tan azul nas súas flores no futuro cutí da costureira.
Fabricaban estames e coroas de luz con filamentos de ouro
Os dedos onde o ritmo das estrelas chía
Quenllas e gloria dun deus que xoga a chave.

Virán contra ti por un camiño e polo teu camiño fuxirán diante túa
Virá unha nación que voa como a aguia desde o cabo da terra.

Moisés falaba de cidades de refuxio
No libro dos Números:

Vas diante deles
De día columna de nube
De noite columna de lume.
El buen negro Lenny Kravitz faille o te ó señor Jagger
Mándame rosas por correo e non esquecerei
De botar rosas na túa inútil tumba.

O poeta guioume polos camiños de Dante provinciano Virxilio
Amosoume o seu pazo nos altos edificios de aluminio e cristal
Acetona das palmas rosa de titanio
O mar desde a bufarda
Co seu adro de astros farrapos de lúa choca
Comesta dos palleiros que ladran no tarot.
Tiña un xigante de madeira e un cadro de Vermeer
Que semellaba auténtico
Tabaco para a súa soedade
As ínfulas do vate.
Na mesa as notas os libros os recordos
A xeito de pequenos detalles dunha viaxe un encontro de amigos
A foto da casa natal na provincia sen mareas nin cons.
O seu corazón sobre os teitos os gaios as parabólicas
Anaco de cidade pola altura con Riazor ó fondo
E os abismos
Sen dous leóns no templo nin agochados ósos
Excremento de cans radiografías malvas
Tabernas reventadas polos berros a envexa e glicerinas
Bonecas de trapo pintadas de carmín
Tolueno e trementina
Nas cuxas fatigadas nas poderosas ingres
Bicadas trincadas tripadas garufadas
Polo rapeiro de punteiro láser no seu iris .

Alá abaixo os ruídos do mundo e as luces
Onde se aman os homes con instinto
Onde as queridas procuran debaixo da cama o cheiro do seu macho
Guitarristas amarrados ó corpo dunha Fender brillante
Bateras colocados nunha frenética Pearl
Soando en pleno bosque
Almacéns de minio alcanfor e arames.
En gaiola de ferro penduraba a Sibila
No alto templo de Hércules murado.
Un iniciado baixo a mesa espaxe o viño ritual
Para alonxar incendios

Vapores de mentol na percebeira
Na foxa común das carrascas da torre
Bandeiras entregadas brigadas en derrota
Scarlet and blue and snowy white
The guidon flags.
Bandeiras de antes unha nación sen nome.
Os fillos de James Joyce á sombra dunha torre martello que aínda apunta
Mais alá da séptima das ondas mais alá da brétema que salva e nos da luz

Lume non me pidas lume non
Que só teño palabras
Cancións ocultas nos valados e tapiadas lacenas
Cando o rumor das lapas deixa un rastro
De resón e carburo
A caínza besta que agallopa nos prados
O mar trono lonxano un ruído de lóstregos perdidos
No combés dos navíos de outrora
Na cincha das montañas mañá de violeta e sacrilexio.
O oleiro no seu torno coas mans alza nos ceos
Un novo copón feito de barro.
As sete portas os nove sátiros
Que en ti descubrirán urbe maldita
Cos seus ríos de almas e de cotra
A escada de Xacob durminte baixo a freixa
Os anxos tocadores de trompetas e cornos
Con negras prostitutas espidas polo euro
Sangando mel e brío machetes de pureza
De “pura lana virgen” os calcetíns das nenas que non foron
Honrando as láminas do interior das naves
Do misterio das catedrais e dos constructores de fitos e de basas
As luces do aeroporto como tigres
Cara os pombais do ébano
Anunciando batallas de húngaros fenicios e de husitas
Entre as sombras un báculo que desterra a sorpresa.

Só os mozos son enterrados ó son da frauta traveseira
E chirimías
No lugar reservado nunha beira do río ou na costa
Arroxamos entón por riba da cabeza a nosa maldita sorte.
Aquí xaz o profeta o viaxeiro o enviado por Deus
Fillo do trebón e volcán da xentalla
Partido pola folla dunha espada flamíxera
Polo poder dos césares e albos sacerdotes.

Aquí xaz o mastín
Repousan os discípulos e sobre tódolos mortos
As caveiras e tibias as bandeiras de loito
Co seu óxido e ruína
A real beizón.

Abriremos as veas
Os ventos fecundarán as nubes
E que o froito do teu ventre entre gasas de azul
Pise nas herbas nas serpes e nas lúas.
Nacerán novos cantos mentras medran os fillos pola aurora
O mundo renovado nas fogueiras na forxa .
Os corsarios gardan os mapas
Manchados coas cruces do sangue menstrual
A memoria das illas o reconto das escarlatas maceiras
Porque unha cidade con cen mil almas vivas
Vive da morte e da súa sombra
No interior do país comesto polas hedras.
Sete portas abertas fabricadas de chuvia e de xiada
Gloria a Deus no seu ceo e na terra acibeche e silencio
Gloria os mestres que esculpen canteiros paraísos
Nos templos pequenos que iluminan o mar.

E na terra silencio para o home sen soños.

NO CABO DA TERRA

Se no cabo da terra onde viven as fontes
E non suplica o lume
Unha camelia morre.

Se entre os dedos nosos nin aneis hai
Nin falanxes con un xugo de alcacén
E a chuvia tropeza co seu eco de sombras
Leva os nosos nomes malditos como femias
Pozos esquivos
Cortarei as puntas dos cabelos
Con coitelos de vea e espiñas de rosa
Entregarei a roseira a ti coas súas cruces
O meu sangue a miña pel lastrada nas túas unllas.

E só por un intre que me das a plena luz do día.

NA DECRÚA DUN PAÍS COMO FARRAPOS

Polas devesas de chumbo e antracita por entre as ruínas camiñando
Fitas para o portico sombreado de mimosas e abetos.
Sete discípulos levan o mestre polo mar
Nunha balsa de pedra nunha barca de nubes
E un anxo transporta o tímpano en andias cara o oeste
Onde seguen ladrando os palleiros na decrúa das ondas.
Comestos os seus iris polo sangue .

Camisetas molladas co suor dos bicos que antes se perderon
Un martín pesqueiro afundido nos peitos das chavalas
Os tranvías non son cisnes que son gansos.
Unha Leda vestida de bermello con estampados códigos
De libra rubricata.
Baixan do bus estudantes con carpetas e chicles pegados nas súas botas
Inchando os pulmóns con febras e martirio.
Perdidos souts carballos da calabanda sen un paso
Bosques de Arabia montes de cidro
Imaxes que me comen na debia silandeira as retinas.

Cada verán na morte da primavera
Deixo o meu coche nas casetas dos que apañan percebes
Rapiñando as mingallas da beleza dos abrollos
Inhalando a salseira dun mar de turmalinas e de toupas.
Fitaba os niños das gaivotas na ínsua de Lobeiras
Brincando polas penas tripando nos osiños dos paxaros
Mercurio sen caxato de serpes coroadas pola pomba .
Os mesmos coídos refuxio de baleas abrasadas de peltre
Carreiros pisados polas máquinas o gas a mescalina

Bidóns containers asco
Bolboretas de xofre.
Non teño o meu país non sei onde perdín o carnet
Que me deron
En que silva do valado en que xesteira.
A maldita patria que me queima o lombo
Que me seca a alma navegante.

Non levamos a a sorte e a beizón
Non somos propicios para Cástor e Pólux para Venus
Ningún Ulises errante da consolo a esta mugre.

SOÑADO BEN E QUENLLA

Soñado ben e quenlla do inútil abrazo.
As fosas as serpes que alimentas de amorodos
Cinza que na fogueira xa deixou de ladrar
E berros de nenos nun partido de patio
Baixo as uralitas.

Agarrei bielas dinamos poleas catalinas dentadas
Todo para a cova onde o heroe reúne
Armaduras de vencidos guerreiros
Samurais ou fidalgos bravos sirios iundís
O metal da rapiña de templos de sapelli e pazos de granito
Bronce das coirazas dos helmos e rodela
Fundición de ases e denarios de pobre aleación
Cubertos de lacerna e capas da gausapa dos longos pelos
Tinxida de púrpura.
Arden as lagoas cos seus bolos de carbón e de vinagre
Imaxes de venus eivadas na baba das lasmachas
Lume sagrado no manchado rostro
Que cura o suco de acacia na horta da botica.

Buscaba Barceló caolín sangue e ferruxe
Os pigmentos do negro do óso para acadar o tronco
Dos faraóns
O movemento do home do xesto primixenio
Barilongo e Dombate.

Soñado ben ou quenlla sorpresa nas ruínas.
O ciclón e a brisa que nos envía á cara
Un bo feixe de palla e de terróns.
Camoens escribía nas guerras da India as súas quintas
Náufrago sen amor e levado pola peste
Malvivía agarrado á súa obra.
Na fosa común malearon os restos do poeta
E o terremoto en Lisboa esnaquizou o túmulo.
Na fame na insidia na miseria na cuza
Cervantes crea.
E no desterro Dante
Tras o saco dos negros de Corso Donati
Iniciou os seus cantos do Inferno
No medio do camiño da súa vida.

Paraíso perdido resume da nación medrando nunha palma
Que deixou de contar que se esqueceu do anel
Do brinco nas orellas das pinzas nos cabelos.
Cons de asaño inchados cantís rompente demediada
Molicie das agullas que declinan as horas
A creación na miseria do mundo evanescente
“ Esta é a ditosa patria miña amada”
De Vasco o navegante.
Na desolada ansia e no desasosego
Os lirios da derrota chegan á preada
Cantigas de memoria que saen sen que o home
Se bote de xeonllos
Abrasando os riles os texanos
De cera virxe de incenso malabar.

E ela baixo o ceo o paso marca
Sinto como caen no mar soles de agosto
Trozando nos cercos e nas trampas de chumbo
No cuberto da bóveda celeste
Na xuntura coa chaira vasta imposible
Da planicie mareira das gaivotas mortas .
E ela na area vai deixando as pegadas da luz.
Para ser nube necesita de min
E comigo desperto terá ríos de neve
En Babilonia.

27 DE ABRIL UN NADAL COMO OUTRO

Unha noite de abril no triunfo do frío e da chuvia
Loitaba a miña nai por acadar a casa e parirme.
Abaixo nun muíño había luz movemento de rodas e rodicios
Ateigadas de sacos albos de labregos ricos
Mentras o río destrozaba as presas
As liñas de abeneiros mimosas
Quebrantaba as marcas que o home trazou nas súas beiras.
Non tivo tempo apenas entre a dor a sorpresa
As molladas roupas
Para tocar a pedra do lar a pedra fundadora
Onde as abellas mudaban de morada nos Difuntos
E os avós recordaban os nomes de tódolos caídos
No fondo da terra
Señores dun outeiro irto sobre a vila
A sombra das voces do bronce e as cruces de rosa
Ladaíñas da auga e do xabre.
Amadís e Lázaro de Tormes nacendo nos seus cauces
De maior fortuna e de prezados nomes.
Recitaban as vellas parteiras a Petronio

Na procura dun corvo
Que botara a ese neno recén saído do útero
Unha noite de tronos e camiños do demo
O bálsamo de lume das cordas do xoglar.
Poucos anos pasaron e semella outra xeira
Unha nación de abrentes que camiña no orballo
Sen bandeira.

NOE BORRACHO VOLVE DO MAR LEVADO

Noé arranxou o torto mercado ó meu avó
Na súa taberna da feira dos porcos
O plano dunha urca da Hansa por cen pesos.
Logo beberon ata caeren de cu viño branco
Que ardía nun candil.
Antes de comezaren o traballo no obradoiro dos xuncos
Blasfemaron contra os lagartos cregos parasoles
E os deuses iracundos que desnortan as augas.
Brindaron pola república polo sol de Santiago
As ghebas xeitosas de Camaguey
E os heroes dos tedescos submarinos
Que os encheron de cartos dos que queiman no peto.

Pasou o dioivo e os homes de antes caeron na follasca.

Moitos anos despois segue en pe o limoeiro onde enterrei o can

Na horta dos meus vellos
A chabola de carpinteiro da ribeira
A taberna na praza cada feira do mes .
Unha cruz de freixo un círculo de bolos
Volcánicas pedras das Canarias.
Sentei a pensar fitando a estrada das grises nubes
O rastro dos avións camiño das Américas.
Tres cordas lle faltaban á cítara do tolo de Noé .
Doíanme os versos no sol asasino dos pequenos buxos.
Os días santos e soltos con distintas cores
Deixaban espacio para a escrita
Naquela axenda onde pretendía desfacerme da sede
Falto da cadencia do mar na súa loita.

¿Vale algo o que fago esta fame que cubro
Redes da dor e da molicie estorbos de agonias?
Esta é a ditosa patria miña amada
As dúas serpes unidas pola boca
No trinquete da nao do almirante
Que volve o cais victorioso e canso
Para que un Noé calquera se aproveite do afán e do misterio.
O sacrificio incruento de deixar o pelexo nun poema
Maldecido polos santos lugares as tumbas dos finados
Que non pisan a patria
Que eu non soño que eu vivo que eu tripo decote
Cos espidos pes.

Que non aman nin botan o alcacén
Da humidade das sombras sobre a herba milleira
E nas colchas de renda onde se estrican os corpos dos que amantes
Que viven e sofren na mesma nación dos vellos sen quebranto.
Enemigos das marcas dos padróns
Afónicos de tanto relato tanta saga podre.

En torno a brasa o caldeiro divino
As rapazas querentes de guindas de mirto no espiñazo
Do alento do fume por detrás do pescozo .
Se un corpo en todo o seu triunfo en plena neura
Pousa a sombra de loureiro e xenciana
O óso da pura dor
Na ferrada que abren mans de luva...

Se Noé volta agora despois de tantos anos
As vellas da casa o alento da nación
Chúspenlle na cara.

É O DESTINO UN VENTO

¿É o destino un vento
O que arrima as árbores ata a súa mesma sombra
É unha boca xuño onde se expón o ano
A ser maniatado polas meigas?
Sete portas abertas tras un longo camiño
De nove santuarios que se esgota no Atlántico.
¿É a cruz unha rosa no diminuto templo
Sobre un lobo durminte
É o vento un destino de velas en partida

Como a neve ó lume como bicos no aire?

Baixo o balcón forxado con feridas no cal
Danos aire na boca
Sobre os nosos cabelos
Cruza un gato o camiño con pulseiras de alheña
Collares co nácar de orellóns fisterráns
Con escamas de cabaliños cegos apañados no cabo
Onde remata o mundo na mesma fin da terra
Revelada
Na mesma fin da rebentada terra.
Sobre a branca pel do valado nevan os números de xiz
Bruscamente quebra o músculo dun ceo demediado
Estrelado.
Soa un golpe na súa lúa de refachos e vidro.
Sereas na praza dos pradairos
Sombras que xa non son
Pozas pisoteadas polas botas e tenis
Carreiras de rapazas de rapaces
Que descargan na cidade frechas e fitas de vivas cores.
A cidade tan espida tan seca e luminosa
Dorme para que a abran polos escotillóns
A sentina das arcas combustibles.
Para que o musgo dos druidas
Revente polas billas de chumbo das fabulosas fontes.

Varias femias depositan os ovos nun único niño
E os reos de marea caen atrapados
Nas redes que cruzan as sandías.
O vicio de ordenar perde ó poeta
Mirando como pasa a corrente rabuñando salgueiros.

A veces penso : é ben triste morar no paraíso
Con estanques e cisnes
Fontes que illan fresco aire e corcheas.
Dá pena matinar no que as lapas engulen:
Os versos de Milton e Seferis
Gardados no cofre malamente
Por nereidas de trapo.
A veces sorpréndome cun libro ben aberto
E cos ollos fechados
Polos teus bicos polo tacto de ortiga
Rodeado de follas secas caídas do carballo

Que nunca dará sombra.
Unha historia perdida unha rúa e un río
Que esquecín non existen.
É ben triste morrer sobre unhas tapas
pergamino ou vitela
E decrúar a noite debullala coa lingua
E buscarse no soño e perder paraísos
Aínda sendo de peltre
Corroen os pulmóns co amianto
E abrasen a cemento.

RESURRECCIÓN CON FUME DE LOUREIRO

Nun principio a cobra andaba de pe polo mundo pero picoulle á Virxe e a Nosa Señora
castigouna a arrastrase pola terra.
Lucita Rodríguez. Lenda popular da terra de Nemancos.

Ergue a serpe como perna de ninfa
De María descalza ou Diana tal vez
Muslo ou veneno medias de conxuro
As dentadas ligas serradas polas rendas.
As columnas de pedra irtas pernas de xugo
As hedras as uveiras
Contrapeso da sombra desde a base da dársena
Elévanse ó ceo co seu bronce de bitas
Gastadas polos cabos das gamelas
A pólvora non usada contra os barcos do curso.
Milleiros de gaivotas agardan polos barcos que non parten
As caixas as nasas as cartas e a fábrica do xeo
Un neno golpea o coiro e medran os aplausos
Na falsa tribuna dun peirao sen resollo .
Montaigne no balcón Spinoza regando os seus xeranos
Fotos de tedescos con templetes redondos de cúpulas verdes
O barómetro dun barco que as galadas deixou a sotavento
Recordos de Suíza e xardíns con ananos.
Nefertiti serve laranxada ós guiris
Sobre un pantalán.
O océano Atlántico avanza a mesma velocidade
Coa que medran as unllas.
Fortalezas de vento faros na penumbra nos meus sonhos.

Pola fe media volta e vou cara o futuro.
Un destes días dos días nosos de ferruxe
É un tumor xeadado
Na vida dunha mosca da formiga da abella
Nin os anxos do señor satisfeitos respiran
Porque saben que nas tebras habitan anxos negros
Con seixo e con cadeas .
Mestres coa vara vimbia coa regla de mediren
E de daren nas xemas das rapazas malditas
Por seren tan fermosas como as ás do grifón.
O platino iridiado da medida exacta.
E serán fume entre as agullas e os segundeiros
No espiche da cámara de gas que expulsa pola boca
Viño branco bendito con fervenzas de neve
Espiras de pobres ourizos machacados no tallo.
O tempo é relativo pero doe
E os remos deboran o pelexo da fel mariña cos seus vermes
Fan que medren as flores e as nenas
Coiro sobre a pel cristal ou roca.

Medra a herba ata tapiar as tumbas
E armados de espenas con sabor a laranxa
Pandas de elásticos e altas deportivas
Patrullan pola noite buscando unha parede.
Os remos en cadencia deixáronnos no porto
Ela foise logo ela mesma retorna
Nun deses lentos trens que furan as montañas
Ata a cidade da ansia e do pecado
Que rouba os corazóns das salgadas mapoulas
Ata a cidade da torre de luz goliosa das estrelas
E de flores de toxo
No meu país doente queimado pola cotra
O alento das turbinas.

Se a mesma fonte con fieitas de auga fora
A de fai cen anos con órbitas de freixa luminosa e azul
De xeo ou dente de óso no cumio dunha onda
A pedra desbastada...

Fitaba para ela con Lou Reed na distancia
Dirty Blud fly away soa na radio
Nos peiraos do verán outeiros verdes.
Subindo nos socalcos na milleira das xaras
Pisando hora a hora as uvas destes días
Pulindo cada intre ata acadar o viño
Ata chegar albino ó cairo inicio nocturno das farolas
E do mel nos meus beizos
O mesmo mel de Lorca tendido pola lúa.
Uns ollos que griman que inchan as mareas.
Láminas de cinc ardendo no solpor
Pó de cemento que vai tapiar o ceo
Chuspidado e masticado de anxos con preguiza.
Na lonxanía algún mortal ou cabalo de púas
O caucho e o gas asido nos pulmóns
Entraba camiñando desde grises confíns
Para apañar vieiras e estrelas de mar murchas .
Marchaba con sinais de mexillón e ourizo
Nas palmas dos pes
En cada aceño da súa boca ó sorrir.
Pero seguía tesa ingrávida e bendita
Polo flexo pola lúa polos espacios en branco que deixaba
Verso a verso.
E na fiestra dun tren revolvendo o pasado

Era agora con bolsas de saraiba o meu auxilio
Caramelos de neve no peto da casaca
A neve branca e fría dos soños dos nenos.

PARTIR DO SANTUARIO PARA AGARDAR POR ELA

Soaba o móbil sentín a súa voz
Chegaba no medio da tortura e da febre das noites sen sono
Para axudar a recoller estrelas de mar e mortos hipocampos
As faiscas de aluminio perdidas pola lúa.

E o tren que a trae será o tren que a leve cabalgando nos soños e na neve
Limando o fuel dos ovos dos peteiros sanguíneos dos brancos mascatos
oceánicos.
Sacando do licuado carbón e do café soluble
Esmiagadas garcetas colimbos demos negros
Cristados corvos mariños de inmaturos peitos brancos.

Chicles de fresa na procura do abrazo prendados pola fala.
As manchas delatan o meu afán de guía
Na cazadora as marcas que non dan con aceite nin muxicas nin ouro.

Ela compartía comigo na nenez ese soño:
Que caía a neve moita neve e todo cubra
O noso país a costa rebentada por un maldito barco
Ese ronsel de luras de postes de teléfono e imprentas clandestinas.
Na laga onde afogan o liño o ruído da vincha do candado na laña.
Que caía a neve nun dioivo e nos colla Noé
Mentras se limpan os coídos bicados pola marea viva.

CAVALRY CROSSING A FORD

Scarlet and blue and snowry white,
The guidon flags flutter gaily in the wind.

O meu avó traballaba a terra co mesmo amor dos dedos das mulleres no
palillo
Nin un croíño nin un cristal nin un anaco de tea ou voandeira bolsa
Rego a rego o seu sacho deixaba a pegada do paso dun mestre da labranza
un dos últimos labregos na volta da campá
Alguén que non quería deixar as leiras que libraron da fame nos malos
tempos a campo
Comestas pola herba de Camariñas ortigas e aniseiras baixo os cinco pes do
cabazo do rueiro.
Casta de homes que chamaban ó traballo da negra terra de Nemancos a
vida.

O meu caldeiro de patacas cortadas ía ficando baldeiro amosando o seu
fondo claro
Sen que os meus dedos de estudante lle deran abasto ó vello.
El e o compadre abrían as entrañas dos terróns
Eu seguía tras deles rego a rego.
Leváballes bombonas de cervexa que abrían co gume do sacho mentras
lembraban cando recollían camións de mortos como madeira estivada na
batalla de Teruel.
Era un neno a primeira vez que a miña avoa me levou cunha ferrada
escarlata de café con leite para a axudarlle os vellos
Atravesando o bosque contábame contos de medo cousas dalgún día
Cado non había luz e aparecían mortos nas encrucilladas.
Así aprendín a non terlle remorso as sombras e amar a noite como unha
arriada marea .

E polo agosto a recollida na carro das vacas dos sacos da horta de Rendeiro
do curro do Mouzo do prado dos Ventos.
Tocaba no verán abrir a terra e sacarlle os negros froitos
As deformes patacas algunha como bolos do mar nunha terra vizosa regada
polo río.

O carro rinchaba rubindo polo tosto pasando a fonte co sol caendo sen
misericordia na aventada chaira.
Os nenos subidos enriba dos sacos no abano dos eixos e fumeiros
Fitando os pescozos das marelas movendo os labrados xugos
Avanzando polas primeiras casas do outeiro.
As leiras a fonte os montes dos pinos nunha banda
Na outra o río os xuncos as chalanas dos pescadores de sollas co francado
con nomes de muller no espelliño de popa.

A PEDRA DE SCONE

O resío dun corpo a mel buscada polo brinco
Que os bicos deixan na premura.
Mancho as mans coa fariña branca
Que nos enche os soños.
O pan noso o noso pan
Medrado nas leiras onde os vellos cansaron ás idades
Cortaron a leña para os berces
Dos fillos que foron avós nosos.

Unha noite de ourizos de láminas escurecidas co pedras de ágata
E tapóns de cortizo frotando no estaño
Ata dar coa puerza dun xaspe
Da cor duns ollos dos que sei con certeza.
Nas guías dos cangrexos na seneira dos pulsos
Na seirta dun arado fabricante de regos .

A pedra do lar segue
A pedra fundadora
Negra do hábito da vida na dura seifa da chuvia
Luminosa como un nome estricado polos séculos.
Non é a efímera onda alzada
A foula do mar a folerpa nos esquíos
Nin o chifre do afiador que ós grilos engaiola .

En pe a casa mentras teña un teito
Sobre as paredes de pedra sobre a humidade
Dos ollos dos mortos que falan
Que nos falan .

INTROITO

E foi desde a partida un prisioneiro...

Ulises

(Atlántida)

e non cantan as aves

John Keats.

Guindar pola ponte abaixo as cunchas do verán limpar as botas pero gardar para sempre esas manchas de fuel prendidas no chubasqueiro azul pegadas dos teus ollos no meu corazón

dama negra de shakespeare dama negra un martiño cando eras a mellor froita con óso do verán .

Un patio verde de escola con bandeiras e suxos finisterres as praias de setembro de cornos e estrelas as primerias cereixas sempre nos pratos duralex que tiña a avó polo tempo das rúas vestidas de espadanas .

Amañan hoxe o teito da casa os andamios rodean as fiestras do meu cuarto e cortamos os pinos da horta de Devesa .

Ha seguir a chuvia sobre os novas tellas o orgulloso pinchón non teme a chegada do inverno.

O río é unha luz que cambia a cada intre
as apariencias dos altos abeneiros as ninfas creadoras de palabras nomean o mundo para ser do mundo e o meu nome noutros labios frea as horas nacidas nas fontenlas que corren polos duiros cara a memoria dos tritóns
sen manacial van a escura caligrafía do incenso e mais da cera

A chama diminuta na lingua de lume
só existe e habita onde a claridade nace alba mesta estañada polo soño.
Oxídome son ferruxe entre os espiños doutros ollos tristes as agochas ando nestes
días que podían ser correntes luminosas tocados polas ás do poema mais o fume
que abre os nosos ollos corre ó pasado a ese pozo onde nada é real todo confuso
longos areais océano abrasado de solpores perdidos ondas en bolina buques que
bornean evitando cataventos de pequenos cortizos plumas de gaivota sinalando
a brisa e os estalos do mundo na quebrada esfera onde os lastres de chumbo e de ferro
petan nos esquifes saídos dunha illa xa perdida por sempre .
O río é unha luz e ten dedos de lume mans de araña cosedoras de redes.

O MAR VISTE LIGAS DE ESPIÑO ALBAR

O mar que viste ligas de espiño albar verde corpo de silencio
un ramallo estragado mais alá da area unha corrente
que ven e que vai que nos envolve nun pasado continuo
que dun sopro nos envía a novas horas .

Recordos de cando so ti eras unha ansia de calados beizos
de cautivos ollos e aquela risa leve deu comezo o mundo
foi motor dun rumbo de goleta en rompente nas estragadas ondas
nas sorprendidas horas polos tempos do fuel que se partía na alma da costa demediada
onde antes agochamos os misterios nas furnas e nos niños
como meigas buscando as pedras da aquilaria que se rompe
e trae outra que resoa co roce das mans e dá amor
cando guindamos a belesia no lume e apacigua a cólera dos deuses .
Buscando no ventre das anduriñas dúas bolas de chelidonia polo agosto
a negra pedra protectora e un marelo croio que transmite amor.

Recordos de cando abrimos o peito do paxaro morto e envolvemos no liño a pedra negra
de cando o amuleto de acibeche se perdeu na area entre os versos de Rimbaud
que un pao de freixo deixou estricados no seu manto con haikús de algazo e ámbar gris.

E aquela leve risa e aquela risa túa que deu comezo ó mundo polos tempos do fuel
como un quebranto.

Polos baixos do castelo na procura de vida nas pozas con marea baixa
falamos de Jacques Derrida da deconstrucción
do meu país da miña infancia dos avós finados
un patio onde medraban limoeiros
a terra seca a terra a campo a esquecida terra das serpes e das salamántigas
sen as voces do arado e do legón
a caseta do avó non garda xa chalanas de ir as sollas

as cañeiras da escola comestas polas silvas que apañaron pasados.

Pensei neles nos vellos enviei no móvil na decadencia do día unha urxente mensaxe
cara as liñas eivadas dos touliños cara as redes do cerco
e o cal desprendido do pequeno faro da Villueira.

Eu buscaba un corvo mariño deitado polo andacio ave esquiva
que quería morrer na soedade dun illó soñando con lord Byron .
Derrida e mais ti polo longo sendeiro cara Dante o das amplias vistas e estreitos canóns
profundo pozo do río en Carantoña
onde as xanas asustan os cabalos provocan remuíños
e os guerreiros doutroa arroxaron as rompidas espadas
nos espellos que agochan a verdade
esa íntima debilidade
o desorde profundo que habita no poema.

...esa luz esa auga esa sorpresa
pedras debastadas para erguer desde as ruínas o noso santuario.

se a neve é branca , por qué entón os seus seos son escuros
W. Shakespeare. Sonnets.

Cando o mar golpea dentro do seu coiro e miles de espolas soan cabaleiros da
chuvia azul baixan ó mais fero dos infernos e tal vez é amor isto que xorde que me nega
o latexo e por veces me cega ...a túa falta porque escoito a túa voz e agardo que as
miñas palabras confusas sen estachas a terra avancen no cargador de pilas da senlla
dos teus ollos a cadencia de bicos nas mans nas liñas do destino que ó mellor no seu
cruce nos abarca .

Algunhas veces apareces en soños pero sempre soño que te vexo e creo que algo irreal
pasou diante da vista unha ilusión un peto nestes tempos sometidos á marea aló na
fin da ringleira branca que rodea o coído onde onte deitamos fitando os tombos
nos golfiños nas gamelas.
O mar ese latexo ceibe contrario ás fontecadas non sempre palpable ós sentidos.

Seremos illas mandaremos cabos troncos feridos por machadas de bronce noites de
luar e lobos en batida esas ondas convertidas nas nosas mans de area e palabra .
Podemos abrir o mar cos nosos ollos nada hai imposible ningún vento chega ó
corazón porque somos deuses de nós mesmos en derrota
cansados pero vivos.

A terra consume
un tolo dixo que nos fixera de barro amasando no torno dun oleiro unha costela
machacada un froito nacido de semente dunha profunda cova de amor dun
sulco cairo un froito quente da terra .
Non somos barro nin terra nin semente somos carne o soño da noite unha música
de ondas baixo a vaga doente das esterlas.
O mar hoxe é un manto que nos doe e a terra sempre canta a mesma canción

morna reclamando os ósos dos que ten cautivos polo sangue cos pes
presos ós regos ós camiños e mais alá cando somos de aire e nos volvemos brisa
atopamos o veneno gardado nos frascos de alabastro e vidro azul espaxeado na maldita
fenda .

Manchei a miña man coa cinza da cunca branca. Cinza e auga de tintura de setas e de sangue e como un poseso fun echendo as paredes da vella mina abandonada do Campo do Turco invocando a virxe negra os temores dos primeiros homes constructores de túmulos estragados polas palas coas súas lousas tripadas polas brañas verdes antes do wolfram e o estaño antes da peste negra antes da procura nas entrañas da terra da semente do cansado lume que se torna alma.

Os lugares esquecidos polo
mapa son os queridos do meu corazón as veces un deixa as súas cinzas no fondo
dun vaso e logo renova o xardín prestado de Afrodita damos vida a terra co
ferruxe do lar e agardamos a resurrección das rosas o misterio da vida cada primavera
incluso que paguen os seus delitos as mulleres tracias asasinas de Orfeo .
A luz ha agromar dunha semente e será flor na procura de nubes e de velas .

O mar viste ligas de espiño corpo de area e apañou nos teus ollos esa caída terca esa memoria de fontes e asubíos.

SETE VAGAS

Hoy recuerdo los muertos demi casa. Octavio Paz.

É o vento que pasa a través dos osos dunha balea morta
É o vento que pasa
Ninguén toca hoxe músicas estrañas .
Tiña o meu pais marcado como besta
En farrapos de mugre e de borralla
Buscaba nos meus soños trens de alba trens nevados
E rapazas mirando pola fiestra
Pequenas estrelas malvas.
Tiña o meu pasi todo farrapos
E nas nubes marchaba amiña alma

Firaba no mar un sangue negro que me doía os ollos
E iniceia viaxe atoradado e baldeiro
Sete vags sete ondas sete meses
Non escoitei as voces nin sentin o vento
Nin esperaba a ver medra-las rosas aquela primavera
Nin a fin do inverno.
Sete vagas sete ondas sete meses
Procurando un retorno naveguei polo alleo
O meupais desfeito pura trampa
E un tren que me batia os sesos.

Onde se oculta o demo e o paraíso ado taíso
Mais alá da sétima das vagas
Onde se bota o sol feito de oso
E brillan maceiras bravas.
Daquela non había os faros enriba dos petóns
Nin gaemlas pintadas
Nin as bitas de bronce puntas de unicornio
Os peiraos ás playas amarraban .
E os lobos de mar secando travesías
nas lobeiras varaban .

Daquela dician que mais alá da sétima das vagas
Estaba o paraíso
Un mar de barro de monstros e confíns
Onde o mar non vestía encaixe de espiños
Sometendo veleiros no horizonte
En caída a un inferno
Ou guía de navíos
Cara a illa das mazás e as illas redentoras
Ondas de amor de mestres e recordos
Illa brava de rosas e de viño.

Sain para esquecer e voltar renovado da viaxe
Cheo de polvo de camiños e de versos .
Unha marea ven noutra marea
Pasou o vento
O sol se bota cada día desde sempre
Pero non sempre polo mesmo sitio
Un fardel de patria ferida e desasosego
Sete vagas sete ondas sete meses
O vento que pasa polos osos
Dunha balea morta a sombra dun outeiro .